

## **A/A: TINO GAGO (XERENTE ESPAZOCOOP)**

### **PROPOSTA PARA REALIZAR A ADECUACIÓN Á NORMATIVA EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS DAS COOPERATIVAS SOCIAS.**

---

O servizo de adaptación nesta materia virá exercido a través de CLYDESA (Cliente y Desarrollo), empresa especializada en servicios de Adaptación á Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, con quen a cooperativa socia ACORDA SOLUCIONA ten asinado convenio de colaboración.

#### **Oferta para Cooperativas Socias:**

- ✓ Desconto do **10%** sobre a base impositiva da tarifa habitual en cada caso e para cada cooperativa, que dependerá do seu obxecto e do tipo de datos que trate.

#### **Requisitos para aproveitarse desta Oferta:**

1. Ser cooperativa socia de EspazoCoop.
2. Localizada en Pontevedra, Ourense ou Lugo: que manexe calquera tipo de datos.
3. Localizada na Coruña: só se manexan datos especialmente sensibles.

#### **Accións que se levarán a cabo neste Servizo:**

- Adecuación da actividade da cooperativa cliente, tal e como marcan o Regulamento Xeral de Protección de Datos e a Lei Orgánica de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais.
- Recepción e xestión de notificacións coa Axencia Española de Protección de Datos.
- Elaboración do Documento de medidas de seguridade actualizado e acorde coa nova normativa de cada momento, incluíndo tódalas coletillas, cláusulas e contratos que o Responsable (a cooperativa cliente) necesita para o total cumprimento da Lei.
- Elaboración do Rexistro de Actividades de Tratamento conforme ao artigo 30 do RGPD.
- Elaboración dos contratos de Encargado de Tratamento para que o Responsable o faga chegar aos seus provedores de seguridade, mantemento informático e de ordenadores, asesoría, e calquera outro provedor dun servizo directo a modo de Encargado de Tratamento.
- Elaboración de coletilla para facturas, orzamentos, recollida de datos, fichas de Cliente/Paciente/Asociado, etc.
- Elaboración de circulares para empregados (dereito á desconexión dixital) e cláusulas de confidencialidade para colaboradores externos non en plantilla.
- Elaboración do cartel/certificado de protección de datos que se recomenda ter á vista nas instalacións como parte do deber de información.
- Servizo de consultoría técnica por correo electrónico e telefónico incluído dende a elaboración do Documento de Seguridade e ata a seguinte revisión (anual).
- Elaboración de textos legais para a Páxina Web e/ou a App para móbiles, obrigatorias segundo o RGPD europeo e a LOPDGDD.
- Envío de toda a documentación en CD (entrega por mensaxería certificada sen custo).
- Resolución de dúbidas en menos de 48 horas laborais a través de correo electrónico e/ou comunicación telefónica.

## PROPOSTA PARA A OBTENCIÓN E/OU RENOVACIÓN DA CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTA DAS COOPERATIVAS SOCIAS.

---

ACORDA SOLUCIONA ten entre as súas especialidades a xestión de **Expedientes de Clasificación de Empresas Contratistas de Obras e Servicios**. Por iso **oferta**, entre as cooperativas socias de Espazocoop, un **desconto do 5%** sobre a base impositiva da tarifa habitual naqueles contratos de:

### ▷ ADAPTACIÓN ◁

Adaptación á nova normativa para aquelas cooperativas que xa son contratistas do Estado, coa elaboración e presentación de Expediente de Clasificación completo requerido.

### ▷ CLASIFICACIÓN ◁

Elaboración e presentación de Expediente de Clasificación, para aquelas cooperativas aínda non clasificadas, e tamén para aquelas cooperativas xa contratistas e adaptadas á nova normativa que busquen mellorar a súa Clasificación.

### ▷ MANTEMENTO ◁

Servizo de asistencia técnica e asesoramento na obtención e mellora da Clasificación de contratista durante a vixencia do contrato de mantemento.

### **Oferta para Cooperativas Socias:**

- ✓ Desconto do **5%** sobre a base impositiva da tarifa habitual, en función dos servizos que se inclúan no contrato, e para cada cooperativa. Oferta só aplicable unha única vez por cooperativa, independentemente do tipo contrato.

### **Requisitos para aproveitarse desta Oferta:**

1. Ser cooperativa socia de EspazoCoop.
2. Estar localizada en Galicia.
3. Ter as contas depositadas no Rexistro mercantil.

### **Accións que se poderán levar a cabo neste Servizo:**

- Análise da viabilidade do proxecto para a obtención de Clasificación.
- Identificación do potencial real da empresa.
- Elaboración de certificados.
- Xeración do Expediente.
- Presentación do expediente en nome da empresa.
- Posibilidade de contratar un servizo de mantemento.